DPTO. DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
2019-20

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles. 3
2. Avaliación e cualificación. 3
2.1. Avaliación e cualificación das materias pendentes. 3
2.2. Recuperación das avaliacións suspensas. 3
2.3. Ampliación de aprendizaxes..... 4
2.4. Atención ao alumnado con AE e NEE. 4
2.5. Cualificación final ordinaria e extraordinaria..... 4
3.Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación) 4
4. Información e publicidade. 4

Debido ós cambios na situación educativa derivados pola crise sanitaria da COVID-19 faise necesario a adaptación da programación didáctica do curso 2019-20. Esta adaptación fai referencia ás siguintes materias.

MATERIA	CURSO
Bioloxía e Xeoloxía	**1º ESO**
Bioloxía e Xeoloxía	**3º ESO**
Bioloxía e Xeoloxía	**4º ESO**
Cultura Científica	**4º ESO**
Bioloxía e Xeoloxía	**1º Bach.**
Cultura Científica	**1º Bach.**
Anatomía Aplicada	**1º Bach**
Bioloxía	**2º Bach.**
Xeoloxía	**2º Bach.**
Ciencias da Terra	**2º Bach.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Dado que o momento da instauración do Estado de alarma, e polo tanto o cese das actividades presenciais no centro educativo, coincidiu co remate da segunda avaliación, o departamento de Bioloxía e Xeoloxía considera para todas as materias grupos e niveis que os estándares de aprendizaxe e competencias mínimas, detalladas na Programación didáctica para esas dúas avaliación, xa impartidas e avaliadas, pasan a ser as imprescindibles.
Os estándares de aprendizaxe e compentencias correspondentes á terceira avaliación serán traballados na medida das posibilidades e circunstancias de forma telemática e a súa avaliación poderá sumar na cualificación final pero de ningún xeito restar.

2. Avaliación e cualificación.

2.1. Avaliación e cualificación das materias pendentes.

No departamento temos alumnos coa materia pendente da ESO que serán avaliados mediante a realización de traballos . Tamén hai alumnos de Bacharelaro que cambiaron de modalidade e xa foron avaliados mediante a realización dunha proba escrita na primeira avaliación.

2.2. Recuperación das avaliacións suspensas.

Na ESO e Bacharelato haberá traballos de recuperación por avaliacións, e tanto eses traballos como outros que se proporán de repaso, xunto co traballo do curso e as probas xa realizadas serán empregadas para a avaliación final.

2.3. Ampliación de aprendizaxes.

En todos os grupos e niveis ademáis das actividades de recuperación e repaso se proporán por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, aula virtual…) a ampliación de aprendizaxes cos contidos corespondentes ao terceiro trimestre, fomentando a autoaprendizaxe e sempre coa posibilidade por parte do alumnado de consultar as súas dúbidas.

2.4. Atención ao alumnado con AE e NEE.

No departamento non temos alumnos con apoio específicico nin necesidades educativas especiais (ACIs), pero si hai varios alumnos con dificultades co idioma por proceder de outros países, terase en conta sendo máis flexible cos tempos de entrega e facendo unha atención telemática personalizada.

2.5. Cualificación final ordinaria e extraordinaria.

A cualificación final ordinaria será calculada como media ponderada da primeira e segunda avaliación, tal e como se indica na programación anual, calculándose en función do peso específico de estádares traballados e availados en cada avaliación. Terase en conta os traballos de recuperación de cada avaliación e os traballos de ampliación que poderán representar ata un 20% a maiores da nota. Os traballos de ampliación da materia en ningún caso restarán nota.

A proba extraordinaria de setembro no caso da ESO e 1º Bach e de xuño no caso de 2º Bach realizaranse sobre os estándares de aprendizaxe e competencias mínimas correspondentes a 1ª e 2ª avaliación que agora pasan a ser os mínimos imprescindibles.

3.Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

O terceiro trimestre empregarase para facer actividades de repaso, reforzo, recuperación das dúas primeiras avaliacións e na medida das posibilidades de cada grupo e nivel actividades de ampliación con contidos correspondentes na programación didáctica coa 3ª avaliación. Para facelo empregaranse medios telemáticos, correo electrónico, aula virtual, Whatsapp, videochamada, etc.

4. Información e publicidade.

Os alumnos foron debidamente informados da adaptación da programación didáctica e dos cambios nos critrios de avaliación cando se contactou con eles, esta adaptación tamén será publicada na web.